*Primero.- Estimar íntegramente los recursos de reposición interpuestos por los recurrentes Juana Altagracia González Alberto, Amalia López Martínez, Raúl González Fernández, Carmen Judith Rivera Tenias, Mª Carmen Vázquez Lago, Luisa Aurora Zavala Valenzuela, Basilia Margarita Reinoso Alvarado, Eva Otero Couceiro, Ricardina Prieto Iglesias, Mª Yolanda Morón Martínez, José Enrique Vázquez Vázquez, Mª Isabel Varela Lires, Gabriela de él Carmen Durán Quereguan, María Corgo Caamaño, Marta María Río Trasmonte, Mª Dolores Riveiro Rodríguez contra lo acuerdo adoptado por la Xunta de Gobierno Local en sesión común celebrada en fecha 21 de septiembre de 2018 relativo a concesión de las becas comedor en la convocatoria general del programa de “Comedores Escolares, curso 2018/2019”, revocando parcialmente el citado acuerdo en el sentido de conceder una beca comedor a las personas beneficiarias del IES de Elviña para el curso escolar 2018/2019 cuyos datos identificativos y*

identificativos e económicos se indican na seguinte táboa:

*económicos se indican en la siguiente tabla:*

| **Nome e apelidos BDNS** | **Nome e apelidos menor** | **Centro Escolar** | **Total Beca** | **Decembro 2018** | **Xaneiro a xuño 2019** |
|---|---|---|---|---|---|
| Juana Altagracia Gonzalez Alberto | Bernardo Abreu González | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Juana Altagracia Gonzalez Alberto | Vanessa Abreu González | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Amalia López Martínez | Aaron Rabuñal López | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Raúl González Fernández | Pablo González Lomoutseva | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Carmen Judith Rivera Tenias | Diego Armando Velasquez | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Mª Carmen Vázquez Lago | Irene del Castillo Váquez | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Luisa Aurora Zavala Valenzuela | Lucero Ruth Salinas Zavala | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Basilia Margarita Reinoso lvarado | Noa Vázquez Reinoso | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Eva Otero Couceiro | Daniel Cruz Otero | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Ricardina Prieto Iglesias | Aaron Treus Prieto | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Mª Yolanda Morón Martínez | Samuel Rey Morón | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Mª Yolanda Morón Martínez | Joseu Rey Morón | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| José Enrique Vázquez Vázquea | Lucía Vázquez Tuimil | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Mª Isabel Varela Lires | Sharon Isabel Da Silva Varela | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Gabriela del Carmen Durán Quereguan | Pablo Alejandro Castiñeiras Durán | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| María Corgo Caamaño | Izán Vázquez Corgo | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Marta Mª Río Trasmonte | Lucas Pereiro Río | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| Mª Dolores Riveiro Rodríguez | José Rico Riveiro | IES Elviña | 756,00 € | 108,00 € | 648,00 € |
| | | Subtotais | 13.608,00 € | 1.944,00 € | 11.664,00 € |

O compromiso de gasto correspondente aos meses de decembro de 2018 a xuño de 2019 queda condicionado a que exista crédito axeitado e suficiente no exercicio 2019.

*El compromiso de gasto correspondiente a los meses de diciembre de 2018 a junio de 2019 queda condicionado a que exista crédito adecuado y suficiente en el ejercicio 2019.*

Segundo.- Notificar o presente acordo nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Na citada notificación deberá constar que deberán presentar no prazo de 10 días hábiles, dende a notificación do presente acordo, o anexo II debidamente cumprimentado e selado, conforme establece a Base 11 da convocatoria.

*Segundo.- Notificar el presente acuerdo en los términos previstos en los artículos 40 y siguientes de la Ley 39/15, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. En la citada notificación deberá constar que deberán presentar en el plazo de 10 días hábiles, desde la notificación del presente acuerdo, el anexo II debidamente felicitado y sellado, conforme establece la Base 11 de la convocatoria.*

Terceiro.- Publicar nos taboleiros de anuncios e edictos, de conformidade co establecido na base 10 en relación

*Tercero.- Publicar en los tablones de anuncios y edictos, de conformidad con lo establecido en la base 10 en*

coa base 16 da convocatoria, unha relación adicional de persoas que resulten beneficiarias, previa disociación de datos de carácter persoal, como consecuencia da estimación dos presentes recursos dado que se procede a efectuar unha ampliación da listaxe definitiva de persoas beneficiarias publicada en data 21 de setembro de 2018.

*relación con la base 16 de la convocatoria, una relación adicional de personas que resulten beneficiarias, previa disociación de datos de carácter personal, como consecuencia de la estimación de los presentes recursos dado que se procede a efectuar una ampliación del listado definitivo de personas beneficiarias publicada en fecha 21 de septiembre de 2018.*

**Educación**

***Educación***

**459.- Autorización do gasto e aprobación do convenio para a realización de programas educativos, deportivos, culturais e de mocidade coa Federación Provincial da Coruña de asociacións de pais de alumnos de Centros Públicos.**

***459.- Autorización del gasto y aprobación del convenio para la realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud con la Federación Provincial de A Coruña de asociaciones de padres de alumnos de Centros Públicos.***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo,** de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:*

Primeiro.- Autorizar o gasto e conceder á Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos (NIF G15042617) unha subvención destinada á realización de programas educativos, deportivos, culturais e de xuventude, segundo se concreta no convenio que se aproba neste mesmo acordo, por importe de 400.000,00 €, gasto imputable á

*Primero.- Autorizar el gasto y conceder a la Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos (NIF G15042617) una subvención destinada a la realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud, según se concreta en el convenio que se aprueba en este mismo acuerdo, por importe de 400.000,00 €, gasto imputable a la*

aplicación 51 326 489 50 do orzamento municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará consonte ao estabelecido no convenio a subscribir, na Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

*aplicación 51 326 489 50 del presupuesto municipal en vigor, que se hará efectiva y se justificará de acuerdo a lo establecido en el convenio a suscribir, en la Ley estatal 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.*

Segundo.- Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración entre o Concello e a Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos (NIF: G15042617), durante o ano 2018 nas condicións especificadas no propio convenio cuxo borrador se achega.

*Segundo.- Aprobar la suscripción de un convenio de colaboración entre el Ayuntamiento y la Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos (NIF: G15042617), durante el año 2018 en las condiciones especificadas en el propio convenio cuyo borrador se adjunta.*

CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS, DEPORTIVOS, CULTURAIS E DE MOCIDADE PARA O ANO 2018 COA FEDERACION PROVINCIAL DE LA CORUÑA DE ASOCIACIONES DE PADRES DE ALUMNOS DE CENTROS PUBLICOS (G15042617). IMPORTE 400.000,00€

*CONVENIO PARA LA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS EDUCATIVOS, DEPORTIVOS, CULTURALES Y DE JUVENTUD PARA El AÑO 2018 CON LA FEDERACION PROVINCIAL DE LA CORUÑA DE ASOCIACIONES DE PADRES DE ALUMNOS DE CENTROS PUBLICOS (G15042617). IMPORTE 400.000,00€*

REUNIDOS

*REUNIDOS*

Por unha banda, D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde do Concello da Coruña, en representación do Concello da Coruña, con NIF P1503000J e domicilio para os efectos de notificación na praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña.

*Por una parte, D. Xulio Ferreiro Baamonde, alcalde del Ayuntamiento de A Coruña, en representación del Ayuntamiento de A Coruña, con NIF P1503000J y domicilio a los efectos de notificación en la plaza de María Pita, 1, 15001, A Coruña.*

Por outra banda, dona Dolores Blanco Sanguiñedo, presidenta da "Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos" (en adiante FANPA), con domicilio para

*Por otra parte, doña Dolores Blanco Sanguiñedo, presidenta de la "Federación Provincial de La Coruña de Asociaciones de Padres de Alumnos de Centros Públicos" (en adelante FANPA), con domicilio a los efectos de*

os efectos de notificación na rúa Orzán, núm. 21, CP. 15003 da Coruña e NIF G15042617.

Ambas partes recoñécense reciprocamente a capacidade legal abondo e necesaria para outorgaren o presente convenio e para tal fin,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello da Coruña, veu recollendo nos orzamentos aprobados nos exercicios anteriores unha subvención nominativa en favor da FANPA, destinada a sufragar as actividades formativas dirixidas ao alumnado escolarizado en centros educativos públicos do Concello.

SEGUNDO.- Que segundo o artigo 3.3 b) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa estabelecida en exercicios anteriores.

TERCEIRO.- Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo ou á realización dunha

*notificación en la calle Orzán, núm. 21, CP. 15003 de A Coruña y NIF G15042617.*

*Ambas partes se reconocen reciprocamente la capacidad legal bastante y necesaria para otorgar el presente convenio y para tal fin,*

*EXPONEN*

*PRIMERO.- Que el Ayuntamiento de A Coruña, vino recogiendo en los presupuestos aprobados en los ejercicios anteriores una subvención nominativa en favor de la FANPA, destinada a sufragar las actividades formativas dirigidas al alumnado escolarizado en centros educativos públicos del Ayuntamiento.*

*SEGUNDO.- Que según el artículo 3.3 b) de la Ley 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local no se entenderá como ejercicio de nuevas competencias la continuidad de la actividad de fomento ya establecida en ejercicios anteriores.*

*TERCERO.- Que la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones (en adelante LGS), en su artículo 2.1, entiende por subvención toda disposición monetaria realizada por las entidades que integran la Administración Local a favor de personas públicas o privadas y que cumplan los siguientes requisitos: que la entrega se realice sin contraprestación directa de los beneficiarios, que esté sujeta al cumplimiento de un determinado objetivo o a la realización de una*

actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estabeleceran, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública.

*actividad, debiendo el beneficiario cumplir las obligaciones materiales y formales que se estableceran, y que el proyecto financiado tenga por objeto el fomento de una actividad de utilidad pública o interés social, o de promoción de una finalidad pública.*

CUARTO.- Que a FANPA ten como fins estatutarios propios realizar actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas coa infancia e da mocidade, que consisten en cursos educativos, obradoiros, excursións, campamentos, actividades deportivas, culturais e de protección á infancia e á mocidade, á natureza e ao medio natural; ben prestados directamente ou por medio das ANPA federadas a través convenios, concursos, acordos, etc. coas administracións públicas, en centros escolares ou fóra deles.

*CUARTO.- Que la FANPA tiene como fines estatutarios propios realizar actividades sin ánimo de lucro, de asistencia social, relacionadas con la infancia y de la juventud, que consisten en cursos educativos, talleres, excursiones, campamentos, actividades deportivas, culturales y de protección a la infancia y a la juventud, a la naturaleza y al medio natural; bien prestados directamente o por medio de las ANPA federadas a través convenios, concursos, acuerdos, etc. con las administraciones públicas, en centros escolares o fuera de ellos.*

QUINTO.- Que o Concello da Coruña entende que a actividade da FANPA é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2017 recolleu, ao abeiro do disposto no artigo 22 da LXS, dúas subvencións de carácter nominativo en favor desta entidade por un importe de 440.000,00€, coa finalidade de contribuír á realización de programas educativos, deportivos, culturais e de mocidade.

*QUINTO.- Que el Ayuntamiento de A Coruña entiende que la actividad de la FANPA es de interés general para el conjunto de la comunidad y, en consecuencia, el presupuesto municipal para el año 2017 recogió, al amparo de lo dispuesto en el artículo 22 de la LGS, dos subvenciones de carácter nominativo en favor de esta entidad por un importe de 440.000,00€, con la finalidad de contribuir a la realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud.*

SEXTO.- Os orzamentos de 2018 contemplan na aplicación 51 326 489 50 unha subvención de 400.000,00€ coa FANPA para o realización de programas educativos, deportivos, culturais e de mocidade.

*SEXTO.- Los presupuestos de 2018 contemplan en la aplicación 51 326 489 50 una subvención de 400.000,00€ con la FANPA para lo realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud.*

SÉTIMO.- O procedemento de concesión pode iniciarse, ben de oficio, ben a petición da entidade interesada. A FANPA presentou o 03.12.2018 no Rexistro Xeral a documentación precisa para subscribir o convenio.

*SÉPTIMO.- El procedimiento de concesión puede iniciarse, bien de oficio, bien a petición de la entidad interesada. La FANPA presentó el 03.12.2018 en el Registro General la documentación precisa para suscribir el convenio.*

OITAVO.- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos estabelecidos no artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións por parte da FANPA e, sobre a base do exposto, as dúas partes acordan subscribiren o presente convenio, de acordo coas seguintes.

*OCTAVO.- Una vez comprobado el cumplimiento de los requisitos establecidos en el artículo 5 de la Ordenanza general de subvenciones por parte de la FANPA y, sobre la base de lo expuesto, las dos partes acuerdan suscribir el presente convenio, de acuerdo con las siguientes.*

CLÁUSULAS

*CLÁUSULAS*

PRIMEIRA: OBXECTO DE CONVENIO

*PRIMERA: OBJETO DE CONVENIO*

O obxecto do presente convenio é estabelecer as bases da colaboración entre o Concello da Coruña e a FANPA coa finalidade de contribuir á realización de programas educativos, deportivos, culturais e de mocidade que se desenvolvan durante o ano 2018.

*El objeto del presente convenio es establecer las bases de la colaboración entre el Ayuntamiento de A Coruña y la FANPA con la finalidad de contribuir a la realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud que se desarrollen durante el año 2018.*

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO

*SEGUNDA: OBLIGACIONES DEL AYUNTAMIENTO*

Por medio do presente convenio o Concello obrígase a:

*Por medio del presente convenio el Ayuntamiento se obliga a:*

A. Colaborar no estabelecemento do marco organizativo dos citados programas, na súa supervisión e avaliación e autorizará, en caso de que se xustifique debidamente, calquera modificación que implique unha utilización máis eficiente dos recursos tanto humanos como técnicos.

*A. Colaborar en el establecimiento del marco organizativo de los citados programas, en su supervisión y evaluación y autorizará, en caso de que se justifique debidamente, cualquier modificación que implique una utilización más eficiente de los recursos tanto humanos cómo técnicos.*

B. Financiar os programas nunha contía máxima para financiar o déficit que se produza pola cantidade de 400.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 51 326 489 50.

*B. Financiar los programas en una cuantía máxima para financiar el déficit que se produzca por la cantidad de 400.000,00€, con cargo a la aplicación presupuestaria 51 326 489 50.*

TERCEIRA: FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES

*TERCERA: FINANCIACIÓN DE LAS ACTIVIDADES*

Financiamento das actividades:

*Financiación de las actividades:*

A. En relación co artigo 32 do regulamento da LXS enténdese a achega municipal coma un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiamento precisa para a total execución da actividade subvencionada.

*A. En relación con el artículo 32 del reglamento de la LGS se entiende la aportación municipal como un importe cierto sin referencia a un porcentaje o fracción del coste total y que, en consecuencia, queda la cuenta del beneficiario la diferencia de financiación precisa para la total ejecución de la actividad subvencionada.*

B. Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro deste polo importe que rebase o custo total da actividade, de acordo co artigo 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (en adiante RLXS).

*B. Si el coste total de la actividad es inferior al importe de la financiación pública, procederá el reintegro de este por el importe que rebase el coste total de la actividad, de acuerdo con el artículo 32.2 del Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones aprobado por el Real decreto 887/2006, de 21 de julio (en adelante RLGS).*

C. Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado (mesmo que sexa este Concello), sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera estabelecer a normativa reguladora de ditas subvención ou axudas.

*C. Esta subvención será compatible con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos para la misma finalidad, procedentes de cualquier administración o ente pública o privado (mismo que sea este Ayuntamiento), siempre que no se supere el coste de la actividad subvencionada, sin perjuicio del que había podido estabelecer la normativa reguladora de dichas subvención o ayudas.*

D. Consonte o disposto no artigo 34 do RLXS, sendo compatible a dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso de subvencións percibidas de distintas entidades públicas ao respecto do custo total da actividade e fosen compatíbeis entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvención concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso até o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

*D. De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 34 del RLGS, siendo compatible dicha aportación con otras subvenciones, en caso de que se produzca exceso de subvenciones percibidas de distintas entidades públicas al respeto del coste total de la actividad y fueran compatibles entre sí, el beneficiario deberá reintegrar el exceso a favor de las entidades concedentes en proporción a las subvención concedidas por cada una de ellas. En caso de que el Ayuntamiento advierta el exceso de financiación exigirá el reintegro por el importe total del exceso hasta el límite de la subvención abonada en virtud de este convenio.*

E. A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicta o financiamento previsto, no intre da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

*E. La aportación municipal no podrá superar el déficit resultante del presupuesto inicial en el que se refleje la financiación prevista, en el momento de la concesión, o el déficit final de la actividad, en el momento de la justificación.*

CUARTA: OBRIGAS DA FANPA

*CUARTA: OBLIGACIONES DE LA FANPA*

1. De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e no artigo 34 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, a FANPA comprométese a:

*1. De acuerdo con lo establecido en el artículo 14 de la Ley general de subvenciones y en el artículo 34 de la Ordenanza general de subvenciones del área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, la FANPA se compromete a:*

a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

*a) Cumplir la finalidad y los objetivos, ejecutar el proyecto, realizar las actividades o adoptar el comportamiento que fundamenta la concesión de la subvención.*

b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.

*b) Emplear los fondos percibidos en los fines y la finalidad para los que fueron otorgados.*

c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.

*c) Justificar debidamente la cantidad percibida.*

d) Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

*d) Comunicar por escrito y motivadamente en el plazo máximo de un mes desde la notificación/publicación de la concesión de la subvención cualquier modificación de los datos identificativos del proyecto o de los aspectos sustanciales de los objetivos del mismo, para su aprobación.*

e) Establecer e no seu caso manter as medidas de coordinación necesarias co SME para o correcto desenvolvemento do proxecto.

*e) Establecer y en su caso mantener las medidas de coordinación necesarias con el SME para el correcto desarrollo del proyecto.*

f) Proporcionar ao SME a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias. Entre esta información debe figurar unha memoria avaliativa das actividades realizadas dentro dos diferentes proxectos reflectindo o número de persoas que asistiron, desagregando por sexos, o nivel de cumprimento dos obxectivos e as propostas de mellora. Datos desagregados por centros e programas.

*f) Proporcionar al SME la información funcional, económica y estadística que se le requiera a efectos de seguimiento, evaluación y planificación, así como facilitar la realización de cuantas visitas de reconocimiento se consideren necesarias. Entre esta información debe figurar una memoria avaliativa de las actividades realizadas dentro de los diferentes proyectos reflejando el número de personas que asistieron, desglosando por sexos, el nivel de cumplimiento de los objetivos y las propuestas de mejora. Datos desglosados por centros y programas.*

g) Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.

*g) Facilitar la verificación de la realización y gestión del proyecto, actuación o actividad objeto de subvención, a cualquier responsable de la gestión y/o instrucción del procedimiento a través de los medios que se consideren más adecuados.*

h) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a

*h) Comunicar al órgano concedente la obtención de otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos para la*

mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

*misma finalidad, procedentes de cualquier otra administración pública, entes públicos o privados, nacionales o internacionales, que financien las actividades o proyectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se conozca y, en todo caso, con anterioridad a la justificación de la aplicación dada a los fondos percibidos.*

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

*i) Conservar los documentos justificativos de la aplicación de los fondos recibidos, en tanto puedan ser objeto de las actuaciones de comprobación y control.*

j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

*j) Reintegrar los fondos percibidos en los supuestos que procedan.*

k) Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación, o logotipo do Concello da Coruña en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento.

*k) Hacer constar explícitamente en todo tipo de publicidad e información relativa a las actividades o proyectos subvencionados que lleven difusión o publicación, el logotipo del Ayuntamiento de A Coruña en idénticas condiciones de visibilidad que el resto de logotipos y señalar la colaboración del Ayuntamiento en su financiación.*

l) Empregar nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver nos diferentes proxectos unha linguaxe incluínte e non sexista.

*l) Emplear en las comunicaciones escritas y en las actividades a desarrollar en los diferentes proyectos un lenguaje incluyente y no sexista.*

m) Empregar a lingua galega nas comunicacións escritas e nas actividades a desenvolver.

*m) Emplear la lengua gallega en las comunicaciones escritas y en las actividades a desarrollar.*

n) Destinar, con carácter preferente, a subvención á realización de programas educativos, deportivos, culturais e de xuventude que teñan a natureza de actividades extraescolares nos CEIP e CEE da

*n) Destinar, con carácter preferente, la subvención a la realización de programas educativos, deportivos, culturales y de juventud que tengan la naturaleza de actividades extraescolares en los CEIP y CEE de*

cidade, actividades que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral e actividades ou servizos educativos complementarios, así como actividades durante os períodos de vacacións escolares que respondan a finalidades educativas, deportivas, culturais e de xuventude.

*la ciudad, actividades que faciliten la conciliación de la vida familiar y laboral y actividades o servicios educativos complementarios, así como actividades durante los períodos de vacaciones escolares que respondan a finalidades educativas, deportivas, culturales y de juventud.*

o) No caso de que se introduzan novos programas, que se pretendan financiar con cargo a este convenio, esta circunstancia deberá comunicarse ao Concello antes da súa posta en marcha, para avaliar a compatibilidade das mesmas coas actividades que se pretenden fomentar con esta subvención.

*o) En caso de que se introduzcan nuevos programas, que se pretendan financiar con cargo a este convenio, esta circunstancia deberá comunicarse al Ayuntamiento antes de su puesta en marcha, para evaluar la compatibilidad de las mismas con las actividades que se pretenden fomentar con esta subvención.*

p) As demais obrigas impostas pola Ordenanza xeral de subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei xeral de subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

*p) Las demás obligaciones impuestas por la Ordenanza general de subvenciones del área de Bienestar del Ayuntamiento de A Coruña, por la Ley general de subvenciones y por las demás normas reguladoras de la materia.*

No caso de que a Concellaría de Xustiza Social e Coidados propoña outros programas educativos, deportivos, culturais e de mocidade cun financiamento propio, alleo a este convenio, a FANPA poñerá a disposición desta todos os medios dispoñibles da súa organización para que se desenvolvan dun xeito coordinado e adecuado.

*En caso de que la Concejalía de Justicia Social y Cuidados proponga otros programas educativos, deportivos, culturales y de juventud con una financiación propia, ajeno a este convenio, la FANPA pondrá a disposición de esta todos los medios disponibles de su organización para que se desarrollen de una manera coordinada y adecuada.*

QUINTA: DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE

*QUINTA: DOCUMENTACIÓN DE LA SOLICITUD*

A solicitude do convenio deberá incluír a seguinte documentación:

*La solicitud del convenio deberá incluir la siguiente documentación:*

A) Relativa á entidade, agrupación e a súa representación:

*A) Relativa a la entidad, agrupación y su representación:*

Solicitude que deberá presentarse e cubrirse no modelo establecido e asinada pola/o persoa interesada, presidenta/e e/ou representación da entidade ou agrupación solicitante, incluíndo as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e que se indican a continuación:

a) Correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimento de documentación.

b) Número no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

No suposto de non estar debidamente inscritos en REMAC, deberá achegar a seguinte documentación relativa á entidade e a súa representación legal:

a. Estatutos vixentes polos que se rexe a entidade solicitante (fotocopia compulsada).

b. Número de identificación fiscal (NIF) da entidade (fotocopia compulsada) ou número de identificación fiscal (NIF) das persoas físicas que integren a agrupación solicitante (fotocopia compulsada).

c. Fotocopia compulsada do DNI/NIF da representación legal da entidade.

d. Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria),

c) Autorización á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificado acreditativo de estar

*Solicitud que deberá presentarse y cubrirse en el modelo establecido y firmada por la/el persona interesada, presidenta/e y/o representación de la entidad o agrupación solicitante, incluyendo las especificaciones, declaraciones y autorizaciones que figuran en el propio modelo y que se indican a continuación:*

*a) Correo electrónico para comunicaciones de trámite y requerimiento de documentación.*

*b) Número en el Registro Municipal de Asociaciones Coruñesas (REMAC).*

*En el supuesto de no estar debidamente inscritos en REMAC, deberá aportar la siguiente documentación relativa a la entidad y su representación legal:*

*a. Estatutos* vigentes *por los que se rige la entidad solicitante (fotocopia compulsada).*

*b. Número de identificación fiscal (NIF) de la entidad (fotocopia compulsada) o número de identificación fiscal (NIF) de las personas físicas que integren la agrupación solicitante (fotocopia compulsada).*

*c. Fotocopia compulsada del DNI/NIF de la representación legal de la entidad.*

*d. Certificación de los datos bancarios de la entidad (original expedido por la entidad bancaria),*

*c) Autorización a la consulta u obtención por el Ayuntamiento de A Coruña de certificado acreditativo de*

ao corrente nas súas obrigacións co Concello da Coruña.

*estar al corriente en sus obligaciones con el Ayuntamiento de A Coruña.*

d) Declaración responsable de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición a que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

*d) Declaración responsable de no estar incursos en ninguno de los supuestos de prohibición a que se refiere el artículo 13 de la Ley general de subvenciones.*

e) Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización das actividade ou proxecto solicitado que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

*e) Declaración responsable del compromiso de que todo el personal dedicado a la realización de las actividad o proyecto solicitada que impliquen contacto habitual con menores cumple con el requisito previsto en el artículo 13.5 de la Ley orgánica 1/1996, de 15 de enero de protección jurídica del menor y en el artículo 8.4 de la Ley 45/2015, de 14 de octubre, de voluntariado.*

f) Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

*f) Compromiso de justificar la subvención concedida en el plazo establecido.*

g) Certificación dos datos bancarios da persoa/entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo persoa/entidade interesada no que respecta ao nome ou denominación social, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

*g) Certificación de los datos bancarios de la persona/entidad solicitante, con correspondencia exacta con los datos aportados por el persona/entidad interesada en el que respeta al nombre o denominación social, NIF y el número de cuenta bancaria (en formato IBAN).*

h) Certificación acreditativa dos cargos representativos, finalidade e do domicilio social da entidade. Para tal efecto, deberá cubrirse o modelo correspondente.

*h) Certificación acreditativa de los cargos representativos, finalidad y del domicilio social de la entidad. Para tal efecto, deberá cubrirse el modelo correspondiente.*

B) Relativa ás actividades, proxectos e/ou actuacións solicitadas:

*B) Relativa a las actividades, proyectos y/o actuaciones solicitadas:*

a) Memoria explicativa de cada unha das actividades ou proxectos solicitados, coas especificacións que se detallan no modelo

*a) Memoria explicativa de cada una de las actividades o proyectos solicitados, con las especificaciones que se detallan en el modelo*

correspondente.

*correspondiente.*

b)Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas, con expresión do financiamento previsto e a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables, cubrindo o modelo correspondente.

*b)Presupuesto de ingresos y gastos de las actividades o proyectos, o actuaciones solicitadas, con expresión de la financiación prevista y a nivel de detalle que permita identificar y comprobar que todos los conceptos de gasto son subvencionables, cubriendo el modelo correspondiente.*

c) Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade, obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, cubrindo o modelo correspondente.

*c) Certificación de las subvenciones solicitadas y las que le fueron concedidas para la misma actividad, objeto de la solicitud de subvención, procedentes de cualquier Administración o ente pública o privado, nacional o internacional, cubriendo el modelo correspondiente.*

d) Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante.

*d) Declaración sobre la previsión de contratación para la ejecución de la actividad o proyecto, o actuación solicitada, de personas o entidades vinculadas con la entidad solicitante.*

e) No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa/entidade solicitante poderá acollerse ao estabelecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cubrindo para ese efecto unha declaración

*e) En caso de que los documentos exigidos ya estuvieran en poder de cualquier órgano del Ayuntamiento de A Coruña, la persona/entidad solicitante podrá acogerse a lo establecido en el artículo 53.1.d) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, siempre que se haga constar la fecha y el órgano o dependencia en que fueron presentados o, en su caso, emitido, y cuando no transcurrieran más de cinco años desde la finalización del procedimiento al que correspondan, cubriendo a tal efecto una declaración según el modelo*

segundo o modelo correspondente.

*correspondiente.*

f) Nos suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir á persoa/entidade solicitante ou a súa representación, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a que acredite por outros medios os requisitos a que se refire o mesmo, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

*f) En los supuesto de imposibilidad material de obtener alguno de los documentos, el órgano competente podrá requerir a la persona/entidad solicitante o su representación, la presentación del dicho documento o, en su defecto, la que acredite por otros medios los requisitos a que se refiere lo mismo, con la anterioridad al planteamiento de la propuesta de resolución.*

GASTOS SUBVENCIONABLES

*GASTOS SUBVENCIONABLES*

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas, resulten estritamente necesarios e se realicen nos prazos estabelecidos neste convenio (xaneiro a decembro de 2018).

*Se consideran gastos subvencionables aquellos que de manera indudable respondan a la naturaleza de las actividades subvencionadas, resulten estrictamente necesarios y se realicen en los plazos establecidos en este convenio (enero a diciembre de 2018).*

En particular consideraranse como gastos directos imputables ao convenio:

*En particular se considerarán como gastos directos imputables al convenio:*

a) Os gastos de persoal precisos para o desenvolvemento das actividades, tales como: salarios de monitores e de persoal administrativo e de xestión dedicados en exclusiva ao desenvolvemento das actividades obxecto do contrato, así como a seguridade social, os gastos de mutualidades, recoñecementos médicos e os seguros de responsabilidade directamente relacionados coas actividades.

*a) Los* gastos *de personal precisos para el desarrollo de las actividades, tales cómo: salarios de monitores y de personal administrativo y de gestión dedicados en exclusiva al desarrollo de las actividades objeto del contrato, así como la seguridad social, los gastos de mutualidades, reconocimientos médicos y los seguros de responsabilidad directamente relacionados con las actividades.*

b) Os materiais funxibles que se consuman na realización das actividades, así como aqueles que non sendo estritamente

*b) Los materiales fungibles que se consuman en la realización de las actividades, así como aquellos que no siendo estrictamente consumibles*

consumibles pola súa natureza sufren un desgaste que obriga á súa substitución, como balóns, aros, ...

*por su naturaleza sufren un desgaste que obliga a su relevo, como balones, aros, ...*

Sen prexuízo da súa subvencionabilidade por outros conceptos, non serán subvencionables como custos de persoal os seguintes:

*Sin perjuicio de su subvencionabilidad por otros conceptos, no serán subvencionables como costes de personal los siguientes:*

1.º A percepción salarial correspondente á participación en beneficios.

*1.º La percepción salarial correspondiente a la participación en beneficios.*

2.º As prestacións en especie, as dietas por viaxes, aloxamento e manutención, así como o resto de percepcións extrasalariais distintas das mencionadas no anterior apartado.

*2.º Las prestaciones en especie, las dietas por viajes, alojamiento y mantenimiento, así como el resto de percepciones extrasalariales distintas de las mencionadas en el anterior apartado.*

3.º As indemnizacións e salarios abonados en beneficio dos participantes nas actividades subvencionadas.

*3.º Las indemnizaciones y salarios abonados en beneficio de los participantes en las actividades subvencionadas.*

4º. As indemnizacións por extinción de contrato, excepto cando teña lugar polas causas previstas nas letras a) e b) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores, polo seu importe legal.

*4º. Las indemnizaciones por extinción de contrato, excepto cuando tenga lugar por las causas previstas en las letras a) y b) del artículo 52 del Estatuto de los Trabajadores, por su importe legal.*

Para calcular os custos de persoal terase en conta soamente o tempo efectivo dedicado a actividades obxecto da subvención, incluíndose as vacacións, os días de libre disposición, ou o tempo de asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo, a condición de que o seu desempeño teña conexión coa actividade subvencionada.

*Para calcular los costes de personal se tendrá en cuenta solamente el tiempo efectivo dedicado a actividades objeto de la subvención, incluyéndose las vacaciones, los días de libre disposición, o el tiempo de asistencia a cursos de formación relacionados con el puesto de trabajo, siempre y cuando su desempeño tenga conexión con la actividad subvencionada.*

No caso de dedicación parcial ás actividades subvencionadas, as vacacións e días de libre disposición

*En el caso de dedicación parcial a las actividades subvencionadas, las vacaciones y días de libre disposición*

deberanse imputar a prorrata entre o tempo total traballado e o tempo dedicado ás mesmas.

*se deberán imputar a prorrata entre el tiempo total trabajado y el tiempo dedicado a las mismas.*

En todo caso, debe acreditarse de xeito que dea fe no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade.

*En todo caso, debe acreditarse de manera que dé fe en el correspondiente justificante de gasto que lo mismo está directamente relacionado con la actividad.*

Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

*Se considerará gasto realizado el que fuera efectivamente pagado con anterioridad a la finalización del período de justificación.*

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa sinatura.

*Solo serán subvencionables gastos corrientes realizados en el período de vigencia del convenio, incluyendo los efectuados con anterioridad a su firma.*

